

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE RODEIRO**

*ANUNCIO de información pública da aprobación da proposta elaborada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia para a adopción do escudo heráldico e da bandeira do concello.*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día seis de setembro de dous mil vinte e un, aprobou, polo quórum de maioría absoluta do número legal de membros da corporación, a seguinte proposta elaborada pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia para a adopción do escudo heráldico e bandeira propios e privativos do concello:

Escudo heráldico:

De azur (azul), e sobre ondas de prata (branco) e azur, unha ponte de prata surmontada dunha torre e, nos flancos, de seis rodas de ouro (amarelo), tres á destra e tres á sinistra. Ao timbre, a coroa real pechada.

Bandeira municipal:

O pano azul coa torre branca ao centro e as seis rodas de amarelo nos flancos (tres na hasta e tres no batente).

En cumprimento do disposto no artigo 16.a), número 3, do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de símbolos das entidades locais de Galicia, o referido acordo sométese á información pública, mediante anuncios publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de publicación no DOG, para que os interesados poidan efectuar as alegacións que consideren oportunas.

Rodeiro, 21 de setembro de 2021

Rubén Perfecto Quintá Quintá  
Alcalde

